



RECUNCHO LITERARIO

LATEXOS DE SOIDADE (Poema breve)

Por: Joaquín Cobo Area

Camiño de pedras sementado
que percorre a beira
dun río que secou;
seixos e petóns nun carreiro
antonte frondosa ribeira
onde o freixo medrou,
as xestas e o loureiro...

Río que brotou dunha fonte
Baixo do branco e frío neboeiro
e que un día correu
pola fértil vagoada, cantareiro,
rumoroso, ledoo...
agora sen auga, seco... ¡quedo!
esgotado manancial
onte fresco e abundante,
hoxe... baleiro e frío leito
con moita escuridade por diante;
apagado sol sen sombra,
recuncho sen socaire,
e no encollido e canso peito
nin folgo nin aire...

Sendeiro que comezou
nun fermoso amencer
e cheo de pranto e dor
vai morrer
neste xélido e triste solpor;
verea que empezou na miña porta
para achegarse a túa
senda que xuntos ollamos
co sol polo día, pola noite coa lúa..

Camiño de voltas e reviravoltas,
río que xa non vai nin vén,
auga que xa non lava a miña tristura,
corrente que xa non me devolve
as esquecidas lembranzas
nin me leva os ingratos recordos...

Camiño de mal axeitadas pedras,
pesado mais ca un carro de bois,
que me leva ben lixeiro
de tropezo en tropezo
caendo agora, erguéndome despois;
sendeiro que me aboca dereito
no perdido mar da soidade,
preto do camposanto
e da tristura do cadaleito;
camiño que, sen consorte,
privoume da vida
para engancharme...
¡na carreta da morte!...

Camiño que ben coñece
os morriñentos latexos
do meu doente corazón
que por ela morre... ¡adoece!
¡xa non está ó meu carón!;
nostalxia que me envolve
en escuras tebras
co negro pano da noite,
pois xa non alumean os teus ollos
as pedras deste camiño,
camiño con poucas rosas
e moitas espiñas velenosas;
apagouse a túa brillante luz
e brinca as miñas costas
a longa sombra dunha dura cruz...

Camiño vello que ten estragado
o seu primeiro encanto
esquecido o florecemento
dunha lonxana primavera
que o inverno queimou,
matando as cores e o canto
das aves e das flores;
xa non canta polo día a ra,
abandonaron, as aves, os niños,
fuxiron os paxariños
e os grilos do pracenteiro serán...

Camiño de longas laxas
cubertas de secas hedras
que o verán agostou;
río de serpes e pedras
que as miñas ansias arrastrou
e os meu desexos soterrou;
amarelas as verdes herbas,
espidas, sen follas, as flores,
baleiro corazón ser verbas,
fun quedando... ¡sen meus amores!;
secaron as frondosas árbores
e só quedan os toxos e as silveiras...

¡ Ai fogar de meu lecer,
xunto daquel río
que pasou pola miña casa!,
¡quén puidese volver a nacer!;
regato que xa non apaga
lume nin brasa
e orfa deixou a nosa herdanza;
sen millo nin trigo na eira,
muíño sen muiñeira...
e moi dentro da alma a ferida
dunha ben apuntada lanza;
eixido abafado polas estrugas,

e na engurrada faciana as engurras
dunha profunda anguria
que tan axiña chegou,
velenosa abeluria
¡que a miña alma matou!...

Camiño que tan longo rematou
co derradeiro paso dos teus pés
e que agora, ¡ai!, teño de andar...¡ó revés!;
camiño que canda ti morreu...
río que foi e xa non é... ¡pasou!;
queda na profundidade
dun val baleiro e sombrío
os apagados e doentes latexos
dun corazón tan morto como frío...
¡latexos de mortal soidade! .

